

XERME 2ª edición

Bases do programa.

Índice

1. Obxectivo xeral
2. Destinatarios
3. Criterios de selección
4. Estrutura do programa
5. Condicións xerais
6. Forma e prazo de inscrición de proxectos
7. Calendario programa

XERME é o 1º Programa de Formación para o Emprendemento no Ecommerce do Cluster de Ecommerce Galego, financiado a través do Convenio coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Trátase dun programa de formación e mentorización no proceso de deseño, desenvolvemento e posta en marcha en Galicia de iniciativas empresariais de comercio electrónico (ecommerce), así como proxectos de base tecnolóxica e servizos relacionados cos anteriores, que contribúan ao desenvolvemento do mesmo.

XERME está integrado no programa anual de actividades do Centro de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea - Nestgeneration UE.

1. OBXETIVO REAL

A 2ª edición do Programa de Formación para o Emprendemento no Ecommerce (XERME) ten por obxectivo formar aos promotores de proxectos que teñan como destino o comercio electrónico ben sexa directamente como ecommerce ou como empresa de servizos para o mesmo.

2. DESTINATARIOS

Poderán participar no programa XERME, tanto as empresas xa existentes como as novas iniciativas empresariais nos campos da comercialización online, servizos técnicos de desenvolvemento do mesmo, servizos de loxística, comunicación e calquera outro que de soporte ao ecommerce.

A efectos de participación, contéplanse 2 modalidades diferentes:

Iniciación: Consiste na creación de novas empresas, modelos de negocio e propostas de valor, tanto de empresas de nova creación como empresas que xa están en funcionamento e desexan lanzar un proxecto de ecommerce.

Avanzado: Consiste en desenvolver e avanzar aqueles proxectos de ecommerce existentes.

Poden participar en calquera das dúas modalidades do Programa aquelas persoas ou empresas que queiran crear novos proxectos ou poñer en marcha iniciativas empresariais, así como aquelas que queiran desenvolver os proxectos existentes.

- Empresas en proceso de ideación e de definición dun novo modelo de negocio.
- Ecommerce de recente creación ou en fase de lanzamento (menos de 3 anos).
- Empresas con ecommerce consolidado en fase de desenvolvemento.

Os candidatos deben ser maiores de idade, residentes en Galicia. Será requisito imprescindible que cumplan os seguintes requisitos:

- Ter coñecemento do sector do ecommerce.
- Dispoñer dunha base de coñecemento sobre os conceptos técnicos do ecommerce.
- Dispoñer dun bo nivel de manexo do paquete Microsoft Office e de buscadores de internet.
- Ter un alto compromiso e implicación no seu proxecto.

No caso de empresas xa existentes deberán, ademais, poñer a disposición do programa un responsable que poida tomar decisións e que se manteña vinculado ao proxecto durante toda a duración do programa.

3. CRITERIOS DE SELECCIÓN

En cada unha das modalidades e tipoloxías de proxectos, éstos seleccionaranse tendo en conta os seguintes criterios:

- O grao de compromiso dos promotores ou implicación coa iniciativa empresarial.
- Os coñecementos sobre o entorno do ecommerce.
- O estado do proxecto e as necesidades do mesmo.

No programa poderán participar todo tipo de proxectos, con todo, terán prioridade aquelas iniciativas que busquen ofrecer produtos e servizos diferenciados en función da calidade e a innovación, que teñan unha clara orientación ao mercado así como que poñan en valor a capacidade de distribución en liña.

No proceso de selección será un requisito indispensable que os proxectos teñan un responsable de desenvolvemento dentro da empresa, que será o encargado de participar no programa.

O proceso de selección inclúe unha entrevista telefónica aos candidatos.

Os proxectos serán avaliados tanto dende o punto de vista técnico como do promotor. Entre os aspectos a ter en conta, en caso de similitude entre proxectos, daráselle prioridade aos proxectos procedentes dos Polos de Emprendemento.

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

- Criterios de valoración ODS (1 a 2 puntos)

Proxecto sostible aliñado cos ODS

Xenera emprego feminino

Liderado por unha muller

Integración de grupos de difícil inclusión social

- Criterios de valoración xerais do proxecto (1 a 5 puntos)

Xeración de innovación e tecnoloxía

Soluciona unha necesidade do mercado

Grao de implantación (pouco 1-moito 5)

Viabilidade técnica

Empregabilidade (autónomo 1- un empregado 3 - dous ou máis 5)

- Criterios de adecuación do emprendedor (1 a 5 puntos)

Perfil profesional e formación

Coñecementos técnicos sobre a contorna do ecommerce

Actitude ante o risco

Experiencia profesional xeral

Experiencia no sector do proxecto

Capacidade de inversión

- Criterios de actitude do emprendedor na chamada (1 a 5 puntos)

Interés e implicación

Iniciativa

Dedicación ao proxecto (indirecta 1 - partical 3 - total 5)

Capacidade de resolución de problemas

- Participación do proxecto noutros programas (1 a 2 puntos)

O proxecto está incrito nos Polos de Emprendemento

Comité de Selección

Un equipo formado por persoal do Cluster de Ecommerce Galego e consultores especializados analizarán as propostas presentadas, e avaliarán os criterios de valoración de cada un. Para avaliación analizarase a situación e as necesidades de cada proxecto, os seus recursos, a actitude e aptitude do emprendedor e do promotor, así como o grao previsible de realización do proxecto, en base á información presentada na solicitude e ás entrevistas telefónicas que se realicen.

Exclusión Automática

Aqueles proxectos que non cumprimenten correctamente a solicitude ou que non sexan localizados telefónicamente, serán automaticamente descartados.

4. ESTRUCTURA DO PROGRAMA

O programa consta de 3 fases:

FASE I: FORMACIÓN PARA O DESEÑO DO MODELO DE NEGOCIO

Contido

Nesta fase, os 24 proxectos seleccionados participarán nun Obradoiro de Ideas Empresariais co obxectivo de desenvolver o Modelo de Negocio Intencional e a súa estrutura organizativa.

Metodoloxía

- **Obradoiro de ideas.** Durante o obradoiro, cunha duración de 10 horas, os emprendedores, asistidos por consultores especializados, reflexionarán sobre os elementos clave da súa idea empresarial e desenvolverán a estrutura do seu modelo de negocio: proposta de valor, relacións con clientes, canles, cadea de valor, aspectos clave e estrutura financeira.
- Os obradoiros funcionarán como **proceso de selección e clasificación para a seguinte fase.** Dos obradoiros seleccionaranse 8 proxectos para a modalidade de *Iniciación* e 8 para a modalidade de *Avanzado*. Para a selección tomaranse en conta os criterios sinalados no apartado 3 destas bases e os criterios de avaliación dos mentores sobre as necesidades e dispoñibilidade de cada un dos proxectos. Será condición necesaria, para pasar á seguinte fase, o compromiso de asistencia ás formacións e titorías do programa.

Duración e datas

Os obradoiros de ideas desenvolveranse en tres grupos dun máximo de 8 participantes cada un nas seguintes datas:

- Grupo A: 21 e 22 de abril
- Grupo B: 21 e 22 de abril
- Grupo C: 24 e 25 de abril

FASE II: FORMACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO MODELO DE NEGOCIO.

Contido

Nesta fase do programa proporcionarase formación e mentorización aos proxectos para o desenvolvemento da idea inicial do modelo de negocio. Consistirá na combinación de sesións de docencia e con titorías individuais de formación, na que se desenvolverán as plantillas dos contidos formativos.

Metodoloxía

En función do nivel do estado do proxecto, establécense dous itinerarios formativos:

Iniciación

Axudarase a **8 emprendedores** e empresas a desenvolver as súas ideas de negocio e convertelas en proxectos de negocio, materializándoas en empresas reais, innovadoras e competitivas, minimizando o risco de fracaso.

Trátase dun programa formativo, eminentemente técnico, co que se pretende axudar aos emprendedores seleccionados a perfilar os seus proxectos dende o punto de vista estratéxico, definir o seu perfil competitivo e de posicionamento, determinar os aspectos técnicos e tecnolóxicos, así como a desenvolver a cadea de valor e as necesidades financeiras. En definitiva, buscarase desenvolver un plan rigoroso que permita a definición estratéxica da empresa ou proxecto, facilitando a súa implantación no mercado coas mellores garantías de éxito posibles.

Cada proxecto terá asignado un titor especialista que será quen o guíe ao longo do programa no desenvolvemento do proxecto. Para alcanzar este obxectivo, esta fase estruturarase do seguinte xeito:

- **Sesións docentes** (40 horas). - Terán lugar os luns en horario variable en función do módulo. O seu obxectivo é familiarizar aos emprendedores cos conceptos técnicos básicos necesarios para comprender, desenvolver e implementar con éxito os seus proxectos.
- **Formacións titorizadas individuais especializadas** (128 horas, 16 por proxecto). - Nas sesións formativas titorizadas, os mentores axudarán aos emprendedores a reforzar o traballo individual de cada módulo, guiándoos na realización das plantillas necesarias para completar o modelo de negocio. Estas titorías pódense realizar de xeito presencial ou por videoconferencia e cada sesión individual poderá desenvolverse en tramos de media hora ou dunha hora de duración por

cada módulo formativo. Salvo cuasa de forza maior, cada titoría realizarase na mesma semana que a formación teórica.

- **Titorías Desenvolvemento Modelo de Negocio (40 horas, 5 por proxecto).** - Cada proxecto terá a súa disposición 5 titorías onde se desenvolverá o modelo de negocio intencional creado nos obradoiros.

Avanzado

Axudarase **8 empresas existentes** (autónomos, MicroPEMES e PEMES) que dispoñen de un ecommerce, a desenvolver e avanzar nos seus negocios de comercio electrónico de xeito competitivo, minimizando o risco de fracaso.

En función ás súas necesidades e obxectivos, os promotores do proxecto, xunto cos técnicos do programa, decidirán o contido do deseño que levarán a cabo durante as sesións formativas, entre os seguintes módulos:

- M1: Entorno e Análise de Mercados.
 - M2: MK: Proposta de Valor, Produto e Posicionamento Competitivo.
 - M3: MK: Canles e Comunicación.
 - M4: Análise Técnico do Proxecto.
 - M5: Análise Financieiro do Proxecto.
- **Sesións docentes (40 horas).** - Os promotores dos proxectos da modalidade *Avanzada* poderán asistir, de xeito voluntario, ás sesións formativas docentes.
 - **Formacións titorizadas individuais especializadas (80 horas, 10 por proxecto).** - Ao longo do programa, un titor guiará aos promotores do proxecto na consecución dos seus obxectivos a través dunha planificación totalmente personalizada. Estas titorías pódense realizar de xeito presencial ou por videoconferencia e cada sesión individual poderá desenvolverse en tramos de media hora ou dunha hora de duración por cada módulo formativo.

Duración e datas

As titorías desta fase terán lugar entre os meses de abril e setembro de 2025.

FASE III: FORMACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRESENTACIÓNS EFICACES

Consiste na formación grupal e individual para guiar aos emprendedores de cara á presentación dos seus proxectos en público.

Esta fase estruturarase da seguinte maneira:

- **Sesións docentes** (4 horas). - Terá carácter presencial e seu obxectivo é familiarizar aos emprendedores en técnicas de presentación en público e sobre a estrutura que debe conter a presentación dos seus proxectos.
- **Formacións titorizadas individuais especializadas** (48 horas, 3 por proxecto). - Poderán participar tanto os proxectos da modalidade de *Iniciación* como os de *Avanzado*. Nas sesións formativas titorizadas, os mentores axudarán aos emprendedores no enfoque da súa presentación e en como elaborar as mensaxes clave que queren transmitir. Estas titorías pódense realizar de xeito presencial ou por videoconferencia e cada sesión individual poderá ser de media hora ou de unha hora.
- **Sesión de ensaio:** durante a sesión de ensaio os mentores avaliarán e farán recomendacións de cambios sobre a presentación de cara á presentación final no DemoDay.
- **Xornada de presentación pública (DemoDay):** Ó final desta fase os emprendedores, presentarán e defenderán, públicamente, os seus proxectos ante potenciais investidores, clientes, entidades financeiras e outras organizacións públicas de promoción e apoio económico.

Duración e datas

A formación e as titorías desta fase terán lugar no mes de setembro de 2025.

5. CONDICIÓN XERAIS

- i. O lugar de celebración de todas as fases do programa indicaranse antes de empregar os obradoiros de Modelo de Negocio Intencional.
- ii. Os participantes deberán comprometerse a asistir ás sesións e titorías nas datas, horarios e lugares establecidos no programa e seguir as instrucións e tarefas que lles encomenden os titores e o persoal responsable do programa por parte do Cluster de Ecommerce Galego.
- iii. Os participantes do programa autorizan expresamente do Cluster e á Xunta de Galicia a publicar nas súas páxinas webs, un breve resumo do proxecto presentado, así como datos de contacto e, se é o caso, a ligazón ao sitio web que poden desenvolver para a súa empresa. Esta información tamén se pode difundir en cursos, seminarios ou outros eventos informativos das actividades do Cluster e da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- iv. O Cluster resérvase o dereito a prescindir de aqueles participantes que non cumpran as condicións establecidas nestas normas e / ou que, a xuízo dos titores responsables, non mostren o interese, dilixencia e dedicación necesarios para o uso do programa.
- v. O Cluster resérvase o dereito a modificar os calendarios e horarios establecidos nestas bases para as necesidades operativas do programa e / ou por calquera outra causa.
- vi. O Cluster proporcionará a cada participante unha guía informándolles do calendario de actividades das distintas fases e outros detalles de interese.
- vii. En ningún caso, nin o Cluster nin a Xunta de Galicia será responsable do resultado ou boa finalidade económica dos proxectos e / ou empresas resultantes do programa.
- viii. Os participantes no programa deberán ler, aceptar e asinar este documento, así como pagar a cota establecida como requisito previo para a súa participación nel.
- ix. Estas normas só se aplicarán ao I Programa de Formación para o Emprendemento no Ecommerce do Cluster de Ecommerce Galego. En ningún caso serán de aplicación a outras edicións deste programa ou a outros análogos que o Cluster poida levar a cabo.
- x. En ningún caso do Cluster proporcionará axuda económica ou financeira aos proxectos que participan no do Programa.

6. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Información básica sobre a protección de datos persoais

Responsables do tratamento: Xunta de Galicia. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Cluster de Ecommerce Galego (ver información completa deste responsable na Política de Privacidade publicada ó pé das páxinas do sitio web desta entidade: <https://clusterecommercegalego.gal/politica-de-privacidade/>)

Finalidades do tratamento: Xestión do Programa XERME ECOMMERCE. A maiores, no caso da Xunta, envío de información e de comunicacións relativas ás actividades de xestión de políticas activas de emprego e emprendemento.

Lexitimación para o tratamento: Polo que atinxe á Xunta de Galicia, o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

No tocante ó Cluster de Ecommerce Galego, constitúe a base legal do tratamento dos datos persoais dos interesados en participar neste programa, a satisfacción de intereses lexítimos perseguidos polo esta asociación; isto é, servir ós fins que contemplan os seus estatutos, dende o respecto a calquera outro interese e dereitos e liberdades fundamentais do interesado que requiran a protección dos seus datos persoais.

Destinatarios dos datos: os datos persoais achegados a medio do presente formulario serán cedidos á Consellería de Emprego, Comercil e Emigración.

Exercicio de dereitos: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento

administrativo común, segundo se recolle en
<https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>.

Contacto coa persoa delegada de protección de datos da Xunta de Galicia e máis información: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

No caso do Cluster poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado segundo o indicado na Política de Privacidade do Cluster (<https://clusterecommercegalego.gal/politica-de-privacidade/>)

7. FORMA E PRAZO DE INSCRIPCIÓN DE PROXECTOS

Os emprendedores interesados en participar no programa poden inscribirse completando o formulario dispoñible no seguinte enderezo web:

O prazo de inscrición estará aberto dende o **24 de marzo ao 4 de abril** de 2025. O Cluster poderá extender esta data, se así o considera oportuno.

